



ACTA N.º 11/2018
SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 25 DE OUTUBRO DE 2018

ASUNTOS

I.- PARTE RESOLUTIVA

I.1.- ACTA ANTERIOR

I.2.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS N.º 4/2018 POR IMPORTE DE 71.193,22 €

I.3.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO N.º 27/2018 MEDIANTE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS POR IMPORTE DE 71.193,22 €

I.4.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO N.º 32/2018 MEDIANTE TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO POR IMPORTE DE 50.000,00€

I.5.- REASIGNACIÓN DE FONDOS 2/2018 DO APROVEITAMENTO TIPO DA ÁREA DE REPARTO DO SAU-9 (PORTO DO MOLLE)

I.6.- TRÁMITE DE TOMA EN CONSIDERACIÓN DAS SEGUINTE MOCIÓNS:

I.6.1.- UCN: DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL (ORAL) PARA A INSPECCIÓN DA TAXA POR OCUPACIÓN, UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL E DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS (I.A.E.)

I.6.2.- UCN:

- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO OUTORGAMENTO DE LICENZAS URBANÍSTICAS OU REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES ADMINISTRATIVA DE CONTROL E OUTROS SERVIZOS URBANÍSTICOS E DE INSPECCIÓN

- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓN E OBRAS (I.C.I.O.)

I.6.3.- PSOE: MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA (I.V.T.M.)

I.6.4.- PSOE: MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS

I.7.- CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DE APARCAMENTO PÚBLICO PARA VEHÍCULOS NO SUBSOLO DA ZONA VERDE DO PERI-5 DA RAMALLOSA: SOLICITUDE DE RESTABLECEMENTO DO EQUILIBRO ECONÓMICO DO CONTRATO

I.8.- TOMA DE RAZÓN DE MODIFICACIÓN DA REPRESENTACIÓN DO PP NA COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS

I.9.- APOIO ÁS PERSOAS DENUNCIADAS POR RECLAMAREN A DEVOLUCIÓN DO PAZO MEIRÁS

II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

II.2.- ROGOS E PREGUNTAS

ASISTENTES:

Grupos:

Alcalde-Presidente:

- PSOE:

- D. Juan Antonio González Pérez

Concelleiros/as:

- D.^a Raquel Giráldez Armas

- D. Diego García Moreira

- D. Rubén Rial Sánchez

- D.^a Ana Pérez Pérez

- D. José Luis Sanromán Román

- D. Alfonso Vázquez Pérez

- PP:

- D. Alberto Valverde Pérez

- D. Alberto García Pazos

- D.^a Liliana Silva Pequeño

- D.^a M.^a Carmen Alonso Macías Jorreto

- D. Miguel Alonso Fernández





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

- NIGRÁN DECIDE:
 - D.^a Rosa Rodríguez Rodríguez
- UCNigrán:
 - D. José Cuevas Raposo
 - D. Anxo Daniel Mosquera Nogueira
- BNG:
 - D. Antonio Fernández Comesaña
 - D. Xavier Rodríguez Fernández

Interventor: D. Modesto Solla Sanz
Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez

Outros datos da sesión:

- *Data:* Xoves, 25 de outubro de 2018
- *Lugar de celebración:* Salón de Sesiões da Casa do Concello de Nigrán
- *Carácter da sesión:* ordinario
- *Convocatoria:* primeira
- *Hora de comezo:* 20:12
- *Hora de remate:* 23:34
- *Número legal de membros da Corporación:* 17
- *Número de membros asistentes no momento da constitución:* 17
- *Número membros non asistentes:* Ningún

Incidencias:

a) Alteracións no *quórum* de asistencia:

- Durante o debate do punto I.2 abandonaron momentaneamente o salón de sesións os seis Concelleiros do grupo Popular e o Concelleiro do BNG, e non se reincorporaron ata despois de votado o punto I.3.
- Concelleira *D.^a Ana Pérez Pérez*, abandona definitivamente a sesión cando se trataba o punto II.2, Rogos e Preguntas.

b) Outras incidencias: Antes do inicio da sesión o Sr. Alcalde dálle a palabra a unha representante do comité de empresa do hospital POVISA de Vigo, quen pide o amparo dos grupos municipais para conseguir a estabilidade económica e laboral dos traballadores do referido centro ante a difícil situación económica que está atravesando a empresa. Os grupos municipais móstranlle o seu apoio e comprométense a formalizalo nunha declaración no próximo Pleno.

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trataron os asuntos que seguidamente se describen:

I.- PARTE RESOLUTIVA





I.1.- ACTA ANTERIOR

A acta que se somete á aprobación corresponde á sesión de data: 27 de setembro de 2018.

Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxectar á acta da sesión sinalada, distribuída coa convocatoria, non se producen intervencións

Votación e acordo. Sometida á votación a acta da sesión do 27 de setembro de 2018 queda aprobada cos votos a favor dos 17 membros que integran a Corporación.

I.2.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS N.º 4/2018 POR IMPORTE DE 71.193,22 €

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 17 de outubro de 2018 e previa declaración de urxencia, informa favorablemente o expediente, coa seguinte proposta da Alcaldía:

Vistas 140 facturas (e dous premios) por importe total de 71.193,22 euros non contabilizados nen pagados e correspondentes a obrigas líquidas, vencidas e presuntamente esixibles para o Concello de Nigrán ao contar con sinaturas de conformidade de diversos concelleiros, funcionarios e/ou persoal laboral do Concello de Nigrán, que corresponden a improcedentes ou irregulares contratacións de obras, servizos ou subministrados documentalmente acreditados; así como a dous premios.

Sendo criterio desta Alcaldía que o Concello de Nigrán tente cumprir o establecido legalmente para a realización do gasto público e, en consecuencia, suprimir ou reducir a supostos concretos, excepcionais, puntuais e de escasa contía os gastos que se poidan realizar incumprindo a normativa citada, especialmente a referida á necesidade da existencia, documentalmente acreditada, de crédito adecuado, dispoñible e en contía suficiente antes da realización de calquera gasto público municipal; ao cumprimento dos trámites da contratación administrativa; á existencia de expedientes administrativos completos e conformes a Dereito; á fiscalización preceptiva previa, e a referida ao "Bon goberno" según o disposto nos artigos 25 ao 32 ambos inclusive da Lei 19/2013 do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bon goberno, BOE número 295, do 10.12.2013.

Tendo en conta a necesidade de continuar co saneamento económico do Concello de Nigrán e co recoñecemento extraxudicial de diversos gastos coa finalidade, entre outras, de non dar lugar, no seu caso, a posibles enriquecementos inxustos para o citado Concello así como, no seu caso, a posibles quebrantos económicos a varios terceiros que teñen pendente de contabilización e de pago diversas facturas correspondentes a obrigas non prescritas.

Coa finalidade de non afectar negativamente aos prazos medios de pagos de obrigas, así como á estabilidade orzamentaria.





Esta Alcaldía, proponlle ao Concello Pleno:

Primeiro.- Resolver os reparos formulados polo Interventor Xeral neste Concello no informe referencia T 141/18, de data 13/09/2018, ao abeiro do establecido no artigo 217.2 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Segundo.- Declarar esixibles as obrigas indicadas nas 140 facturas, e dous premios, por importe de 71.193,22 euros indicados nas relacións unidas a esta proposta; aprobar as mesmas, e recoñecer extraxudicialmente os gastos citados imputando os mesmos aos créditos no seu momento dispoñibles nas aplicacións orzamentarias que procedan do estado de gastos do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2018.

Terceiro.- O recoñecemento extraxudicial antes citado queda condicionado á entrada en vigor do expediente de modificación de crédito (a tramitar) do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2018 mediante créditos extraordinarios por importe de 71.193,22 euros.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Asume as críticas que se lle fixeron en anteriores ocasións nas que se trouxo o asunto ao Pleno. A maioría son facturas reducidas de pequenas empresas. Houbo actuacións que non se podían aprazar. Pide que se lle permita pagar estas débedas. Aínda que non sexa apoiar cun voto favorable. Do contrario, acabarán en reclamacións xudiciais con pago de xuros aos acredores.

D^a. Rosa Rodríguez Rodríguez, do grupo Popular: Vólvese traer ao Pleno algo que o PP xa votou en contra. Esperábase un debate individual de cada factura que se fixou para unha reunión á que non puideron asistir. Hai reparos moi graves que impiden que cambien o sentido do voto. O Alcalde dirixiuse aos empresarios para que reclamasen o pago. Ela é traballadora da Asociación de Empresarios, por iso vese obrigada a retirarse do Pleno neste asunto e no seguinte. (Auséntase do salón de sesións).

D. Alberto Valverde Pérez, do grupo Popular: Lamenta a conduta do Alcalde por provocar esta situación e colocar a esta concelleira en tal disxuntiva. Pídelle que asuma a súa responsabilidade como Alcalde neste asunto, por xogar co futuro profesional dunha persoa. Os empresarios van cobrar, pero non é admisible que o Alcalde non sexa capaz de xestionar isto. Co PP non conte. Os 5 membros do grupo Popular presentes retíranse do Pleno. (Auséntanse do salón de sesións).

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: O Alcalde evidencia falta de capacidade para dialogar e cumprir os acordos, como o demostra a nota de prensa que publican os medios. As facturas podíanse analizar polo miúdo e determinar que facer con elas. Non lles facilitou o Alcalde información relacionada con este asunto. Non está facendo ben as cousas o goberno e en particular a Concelleira de Facenda. O goberno non sabe o que gasta. O recoñecemento encobre varias subvencións á marxe das bases aprobadas, incluídas empresas con ánimo de lucro, como é o caso de Vive Nigrán, que tamén recibe financiamento da Deputación. O Concello paga e as empresas privadas recadan, baixo a responsabilidade da Concelleira de Facenda. Votarán en contra.





D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Este recoñecemento xa se rexeitara e posteriormente houbo unha reunión de voceiros para analizar a situación, sen que puidesen asistir todos e sen que o Alcalde volveuse intentar reunilos. Non ten sentido pedirlle aos empresarios que veñan ao Pleno a premer á oposición. Tal vez se equivocou apoiando outras iniciativas anteriores, porque o goberno non aprendeu. Ás veces enténdese que, ao remate do exercicio, haxa que afrontar certos gastos necesarios, pero hai moitos que non encaixan nesa necesidade. O expediente non cambiou nada e a falta de control é evidente. Así hai facturas por actuacións musicais, que suman 1000 euros cando a débeda real é de 500 euros. Nos concertos da coral "Stella Maris" hai gastos de máis de 5000 euros, sorprendendo o aloxamento de artistas e outros acompañantes en establecementos hoteleiros, incluso con máis duración que a do acontecemento musical. Enumera outros casos nos que non se xustifica a participación municipal. Non pode cargar despois as culpas á oposición por algo que o goberno non debía facer saltándose as leis, entre elas a de subvencións. Propón que se desdobre a proposta separando uns casos doutros. Dado que a situación non cambiou o seu voto anterior mantense.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Non hai ningunha razón para cambiar a postura cando a iniciativa é a mesma que a anterior. A abstención que emitiu no Pleno anterior mantena. Parece que o goberno non para a tendencia crecente de incorrer, e cada vez máis, neste tipo de gastos. O responsable é o goberno, non os empresarios aínda que estes se benefician. De aí a súa abstención. Non vai a levantar os reparos graves da Intervención. Os procedementos son as garantías fronte a arbitrariedade no gasto público. Dadas as circunstancias non participará na votación deste punto nin do seguinte. (Auséntase do salón de sesións).

Sr. Alcalde-Presidente: Sabían que os gastos eran necesarios. No caso do concerto de Pablo Milanés, aforrouse todo o que custaría un concerto. Non trataron de premer a ninguén. As críticas son en parte merecidas, pero o que tratan é de pagar.

Sr. Cuevas Raposo: Logrou o Alcalde que 7 corporativos se ausentasen da sesión. Hai unha factura errónea e isto podería invalidar este acordo e o seguinte.

Sr. Fernández Comesaña: Pensa que as cousas superaron certos límites. A cuestión é que hai que respectar o procedemento.

Sr. Alcalde-Presidente: Se hai un erro na factura terase en conta.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, na que non participaron os seis membros do grupo Popular nin o concelleiro do BNG, que se ausentaran momentaneamente do salón de sesións, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 7; PSOE.
- Votos en contra: 3; Nigrán Decide e UCN.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa Especial de Contas.





I.3.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO N.º 27/2018 MEDIANTE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS POR IMPORTE DE 71.193,22 €

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 17 de outubro de 2018 e previa declaración de urxencia, informa favorablemente o expediente, coa seguinte proposta da Alcaldía:

Tendo en conta que no estado de gastos do orzamento xeral do Concello de Nigrán do ano 2018 carécese de crédito adecuado, dispoñible e en contía suficiente destinado á contabilización de gastos pendentes do seu recoñecemento extraxudicial.

Considerando minorable o crédito disponible en dúas aplicacións orzamentarias do estado de gastos do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2018 .

Visto o establecido no artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), e nos artigos 35 e 37 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril (RDO), así como na base de execución 6ª do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2018 .

Esta Alcaldía, proponse ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Resolver os reparos formulados polo Interventor accidental do Concello de Nigrán no informe referencia EFC 13/18, de data 14/09/2018, ao abeiro do establecido no artigo 217.2 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Segundo.- Aprobar inicialmente o expediente administrativo de modificación de crédito 27/2018 mediante créditos extraordinarios por importe de 71.193,22 euros no orzamento xeral do Concello de Nigrán do ano 2018; o importe citado destinarase ás seguintes finalidades:

Aplicación orzamentaria	Destino	Euros
18.130.21301 Conservación maquinaria, instalacións e utillaxe (RC 4/2018)	Seguridade	108,00
18.130.2210401 Vestuario	Seguridade	1.683,11
18.130.2269902 Gastos diversos	Seguridade	410,31
18.130.62301 Instalacións en dependencias	Seguridade	1.174,79
18.130.62401 Adquisición equipamento vehículos	Seguridade	3.412,20
18.130.62501 Adquisición mobiliario	Seguridade	1.506,45
18.1532.61906 Obras de pavimentación de viais públicos	Seguridade	7.441,50





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

18.165.21302	Conservación de instalacións de alumado público (RC 4/2018)	1.522,70
18.170.2269904	Gastos diversos en medio ambiente (RC 4/2018)	59,79
18.170.48000	Subvencións medio ambiente (RC 4/2018)	387,20
18.171.62303	Investimento en praias (RC 4/2018)	4.363,87
18.1720.48000	Subvencións medio ambiente (incendios forestais) (RC 4/2018)	2.976,60
18.231.21301	Conservación instalacións e utillaxe guardería municipal (RC 4/2018)	356,75
18.231.62300	Equipamento guardería municipal (RC 4/2018)	215,00
18.323.21301	Conservación maquinaria, instalacións e utillaxe Educación (RC 4/2018)	1.710,93
18.323.48000	Subvencións actividades diversas Educación (RC 4/2018)	5.015,86
18.334.2260901	Actividades culturais diversas (RC 4/2018)	901,10
18.334.48001	Subvencións actividades promoción e difusión Cultura (RC 4/2018)	7.867,37
18.338.2269906	Actividades diversas – festexos populares (RC 4/2018)	2.838,25
18.338.47000	Premios actividades navideñas (RC 4/2018)	300,00
18.338.48000	Subvencións actividades diversas festexos populares (RC 4/2018)	2.790,00
18.341.2260902	Actividades deportivas diversas (RC 4/2018)	817,02
18.341.48001	Subvencións promoción e difusión do deporte (RC 4/2018)	8.108,74
18.342.21301	Conservación de maquinaria, instalacións e utillaxe deportes (RC 4/2018)	732,06
18.432.48001	Subvencións actividades diversas Turismo (RC 4/2018)	4.731,10
18.450.21301	Conservación de maquinaria, instalac. e utillaxe Infraestructuras (RC 4/2018)	1.418,55
18.459.21001	Conservación infraestructuras e b. naturais (Servizos Urbanos) (RC 4/2018)	1.161,60
18.459.21301	Conservación de maquinaria, instalac. e utillaxe Serv. Urbanos (RC 4/2018)	46,91



**CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)**Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

18.459.2269900 Gastos diversos Servizos Urbanos (RC 4/2018)	150,04
18.912.2260101 Atencións protocolarias e representativas Org. Goberno (RC 4/2018)	146,46
18.912.2260201 Publicidade e propaganda Organos de Goberno (RC 4/2018)	874,24
18.912.2269904 Gastos diversos Organos de Goberno (RC 4/2018)	28,44
18.912.48000 Subvencións actividades diversas Organos de Goberno (RC 4/2018)	741,12
18.920.21301 Conservación instalacións e utillaxe Administración Xeral (RC 4/2018)	231,66
18.920.2269902 Gastos diversos funcionamento Administración Xeral (RC 4/2018)	284,90
18.920.62601 Equipamento e modernización de equipos informáticos Administración Xeral (RC 4/2018)	880,88
18.924.48001 Subvencións actividades festivas (RC 4/2018)	3.797,72
TOTAL	71.193,22

O expediente administrativo de modificación de crédito 27/2018 finánciase integramente mediante unha baixa de crédito nas seguintes aplicacións do estado de gastos do orzamento xeral do Concello de Nigrán do ano 2018:

Aplicación orzamentaria	Denominación	Euros
18.1621.2270000	Prezo do concesionario do servizo de recollida de RSU	40.000,00
18.163.2270000	Prezo do concesionario do servizo de limpeza viaria	31.193,22

Terceiro.- Expoñer ao público o expediente administrativo de modificación de crédito 27/2018 durante quince días hábiles mediante anuncio a publicar no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, así como no taboleiro de anuncios, na páxina web e na sede electrónica do Concello de Nigrán.

Cuarto.- Si durante o período de exposición ao público non foran presentadas polos interesados (indicados nos artigos 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RDO) reclamacións á modificación orzamentaria 27/2018 (por algún dos motivos indicados nos artigos 170.2 do TRLRFL e 22.2 do RDO), a citada modificación entenderase aprobada definitivamente sin necesidade de novo acordo Plenario expreso, efectuándose posteriormente a publicación





legalmente establecida; e, de presentarse reclamacións, o Pleno do Concello disporá do prazo dun mes para resolvelas, efectuándose posteriormente a publicación legalmente establecida.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Mantén o voto en contra e sinala que ao mellor a empresa do concesionaria da recollida de lixo reclama.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, na que non participaron os seis membros do grupo Popular nin o concelleiro do BNG, que se ausentaran momentaneamente do salón de sesións, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 7; PSOE.
- Votos en contra: 3; Nigrán Decide e UCN.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa Especial de Contas.

I.4.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO N.º 32/2018 MEDIANTE TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO POR IMPORTE DE 50.000,00€

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 17 de outubro de 2018, informa favorablemente o expediente.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Explica as finalidades ás que se destinan os fondos e a partida coa que se financia.

D. Alberto García Pazos, do grupo Popular: Absteranse. Lamenta que non se fixesen os nichos do cemiterio, a pesar de ser un proxecto sinxelo.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Non se lle deu resposta á petición de información sobre antecedentes relacionados con esta cuestión. Ademais, fundiron a partida do contrato da informática con gastos adicionais ao triplo do custe normal da hora de traballo. Pensan que se está bordeando o delito con esta práctica. Votarán en contra, salvo que retire a partida de 5000 euros de gastos diversos de funcionamento. Se o Alcalde non cesa á Concalleira de Facenda irá á Fiscalía por esta cuestión, e tamén se non se lle facilita a información solicitada.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Lamenta a perda da obra dos nichos. Non poden apoiar a proposta, que non aparece motivada coa explicación das actuacións concretas a realizar.





D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Parécelle unha modificación basicamente técnica, non suficientemente explicada. Absterase.

Sr. García Pazos: Tampouco a el se lle deu a información que pediu sobre os gastos informáticos. Nesta conxuntura votarán en contra, salvo que retire eses 5000 euros.

Sr. Alcalde-Presidente: Sorpréndelle que non se lles facilitase esa información, porque el autorizou todas as peticións.

Sr. Cuevas Raposo: O Alcalde debe asegurarse de que se lle facilite. Algunha petición formulouna ata tres veces.

Sr. Alcalde-Presidente: Aínda que non se refire á da informática, se hai que retirar os 5000 euros de gastos diversos de funcionamento da Administración Xeral, retíranse.

Sr. García Pazos: Reitera a súa queixa pola falta de información.

Sr. Alcalde-Presidente: Corríxese a proposta e súmanse eses 5000 euros a instalación e reposición de parques infantís que pasa a 15000 euros.

Sr. Cuevas Raposo: Se é así votarán a favor.

Sr. Fernández Comesaña: Pregunta se son actuacións novas.

D. Rubén Rial Sánchez, concelleiro Delegado: Son novas e indica certos detalles.

Sr. Fernández Comesaña: Ese é o detalle que falta na proposta. Tamén mantén a crítica de retirar os fondos dos nichos. Dados os cambios, absterase.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 15; PSOE, PP e Nigrán Decide.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 2; UCN e BNG.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello, modificando en parte a proposta ditaminada pola Comisión Informativa Especial de Contas, adopta o seguinte **ACORDO:**

Antecedentes

Tendo en conta que no estado de gastos do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2018, carécese de crédito adecuado, dispoñible e en contía suficiente destinado a diversos gastos en seis aplicacións orzamentarias (areas de gasto 1, 3 e 9) por un importe total de 50.000,00 euros; polo que é precisa unha modificación orzamentaria en 2018 mediante transferencias de crédito polo citado importe .





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Tendo en conta que no estado de gastos do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2018, existe crédito actualmente dispoñible e non comprometido nunha aplicación orzamentaria (área de gasto 1) por importe total de 50.000,00 euros.

Visto o establecido nos artigos 179 e 180 do Real Decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e nos artigos 40 ao 42 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, así como nas bases de execución 5ª.3 e 8ª do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2018 .

Parte dispositiva:

Primeiro.- Resolver os reparos formulados polo Interventor Xeral no Concello de Nigrán no informe referencia T 167/18, de data 11/10/2018, ao abeiro do establecido no artigo 217.2 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Segundo.- Aprobar inicialmente o expediente administrativo de modificación de crédito 32/2018 mediante transferencias de crédito por importe de 50.000,00 euros no orzamento xeral do Concello de Nigrán do ano 2018, cos seguintes destinos e orixes :

Aplicación orzamentaria	Destino/Orixe	Euros a transferir +/-
18.165.62300	Investimento en mellora do alumeadado público	+15.000,00
18.171.62300	Instalación e reposición en parques infantis	+15.000,00
18.323.21300	Conservación maquinaria, instalac.e utillaxe Educación	+ 5.000,00
18.323.63200	Obras en centros escolares	+10.000,00
18.920.21300	Conservac. instalacións e utillaxe Admon. Xeral	+ 5.000,00
18.164.62200	Construcción nichos en cemiterio de Nigrán	- 50.000,00

--

Terceiro.- Expoñer ao público o expediente administrativo de modificación de crédito 32/2018 durante quince días hábiles mediante anuncio a publicar no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, así como no taboleiro de anuncios, na páxina web e na sede electrónica do Concello de Nigrán.

Cuarto.- Si durante o período de exposición ao público non foran presentadas polos interesados (indicados nos artigos 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RDO) reclamacións á modificación orzamentaria 32/2018 (por algún dos motivos indicados nos artigos 170.2 do TRLRFL e 22.2 do RDO), a citada modificación entenderase aprobada definitivamente sin necesidade de novo acordo Plenario expreso, efectuándose posteriormente a publicación legalmente establecida; e, de presentarse reclamacións, o Pleno do Concello disporá do prazo dun mes para resolvelas, efectuándose posteriormente a publicación legalmente establecida.

I.5.- REASIGNACIÓN DE FONDOS 2/2018 DO APROVEITAMENTO TIPO DA ÁREA DE REPARTO DO SAU-9 (PORTO DO MOLLE)





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 17 de outubro de 2018, informa favorablemente o expediente, coa seguinte proposta da Alcaldía:

Visto o proxecto técnico correspondente á obra **“Reducción de vertidos de augas pluviais ao Río Muíños”**, cuxo presuposto de execución por contrata é de 179.541,05 euros.

Visto o crédito actualmente dispoñible por importe de 147.929,12 euros na aplicación orzamentaria 1845960902 do estado de gastos do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2018; crédito destinado ao “Acondicionamento das marxes do río Muíños (8/18 – 4/17 – 3/16 – 1/15 – 1/14 – 6/13 – 2/12 - 12/10)” que está financiado con parte da “monetización” do 50 por 100 (do 10 por 100) do aproveitamento tipo da área de reparto indicada no anexo II dun Convenio referido ao desenvolvemento do solo urbanizable no parque empresarial Porto do Molle (SAU 9), do día 24.02.1999 (Convenio aprobado polo Concello Pleno o día 17.03.1999, e parcialmente modificado o día 15.05.2002, e o día 25.02.2009).

Tendo en conta que a realización da obra de **“Reducción de vertidos de augas pluviais ao Río Muíños”** conlevará unha mellora significativa na calidade e o respecto medio ambiental do entorno do Río Muíños e do parque empresarial de Porto do Molle (SAU 9).

Considerando preciso contar con crédito adecuado, dispoñible e por importe de 179.541,05 euros para o financiamento do investimento denominada **“Reducción de vertidos de augas pluviais ao Río Muíños”**, esta Alcaldía proponlle ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Cambiar parcialmente o destino do seguinte investimento, que figura no estado de gastos do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2018:

Aplicación orzamentaria	Destino	Importe (€)
1845960902	Acondicionamento das marxes do río Muíños (8/18 – 4/17 – 3/16 – 1/15 - 1/14 – 6/13 – 2/12 – 12/10)	147.929,12

Segundo.- Asignar novo destino e contía para o seguinte gasto financiado con parte do crédito actualmente dispoñible na aplicación 1845960902 do estado de gastos do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2018:

Aplicación orzamentaria	Destino	Importe (€)
1816060902	Obras de saneamento para a mellora ambiental do parque empresarial - Porto do Molle (10/18 – 4/17 – 3/16 – 1/15 – 1/14 – 6/13)	38.070,03





Terceiro.- *Variar parcialmente o expediente administrativo de modificación de crédito 8/18 mediante incorporación de remanentes de crédito por importe de 1.553.132,34 euros, minorando en 38.070,03 euros o crédito incorporado na aplicación 1845960902 “Acondicionamento das marxes do río Muíños (8/18 – 4/17 – 3/16 – 1/15 – 1/14 – 6/13 – 2/12 – 12/10)” e reasignando ese importe á aplicación 1816060902 “Obras de saneamento para a mellora ambiental do parque empresarial Porto do Molle (10/18 – 4/17 – 3/16 – 1/15 – 1/14 – 6/13)”.*

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Hai un remanente nunha obra e falta en outra, como se explica na proposta. Pensa que se vai favorecer o medio ambiente.

D. Alberto García Pazos, do grupo Popular: Votarán a favor. Pregunta se na Comisión de Facenda se achegou o proxecto que cuantifique a proposta.

Sr. Alcalde-Presidente: Entende que está no expediente correspondente.

Sr. García Pazos: Dado que non se achegou o proxecto, absteranse.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Eles tamén pediron o proxecto e non obtiveron resposta. Dubidan sobre a quen serían imputables os gastos. Absteranse.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Non se deu información do destino destes fondos. Dada a finalidade, votará a favor.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: El tamén pretendeu dispoñer do proxecto. Preocúpalle o saneamento do Río Muíños. Votará a favor por esta última razón.

Sr. Alcalde-Presidente: Foi un proceso complexo que levou anos.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 9; PSOE, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 8; PP e Nigrán Decide.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa Especial de Contas.

I.6.- TRÁMITE DE TOMA EN CONSIDERACIÓN DAS SEGUINTEs MOCIÓNS:

I.6.1.- UCN: DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL (ORAL) PARA A INSPECCIÓN DA TAXA POR OCUPACIÓN, UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL E DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS (I.A.E.)





A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 17 de outubro de 2018 propón ao Pleno do Concello a toma en consideración da citada moción para proceder ao trámite do expediente correspondente.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Propón tramitar o correspondente expediente de delegación. Haberá que subscribir un convenio para fiscalizar ás compañías de servizos. Entende que o Concello non dispón dos medios necesarios e pide que se aborde con urxencia.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a proposta da Comisión Informativa.

I.6.2.- UCN:

- **MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO OUTORGAMENTO DE LICENZAS URBANÍSTICAS OU REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES ADMINISTRATIVA DE CONTROL E OUTROS SERVIZOS URBANÍSTICOS E DE INSPECCIÓN**
- **MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓN E OBRAS (I.C.I.O.)**

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 17 de outubro de 2018, propón ao Pleno do Concello a toma en consideración da citada moción para proceder ao trámite das modificacións das mencionadas ordenanza fiscais.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Trátase de favorecer aos afectados polos incendios. En lugar de exención sería unha bonificación.

D. Alberto García Pazos, do grupo Popular: Están a favor. Incluso haberá que contemplar outras situacións catastróficas.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: A favor.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Coincide en que debería reconducirse a unha bonificación.





Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a proposta da Comisión Informativa.

I.6.3.- PSOE: MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA (I.V.T.M.)

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 17 de outubro de 2018, propón ao Pleno do Concello a toma en consideración da citada moción para proceder ao trámite da modificación da mencionada ordenanza fiscal.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Diego García Moreira, concelleiro Delegado: A idea é ter en conta os combustibles alternativos. Tamén se tratarán de favorecer os vehículos Eco. Poderase mellorar a redacción.

D. Alberto García Pazos, do grupo Popular: Xa se falara disto no Pleno. A favor de que siga adiante.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: A favor.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: A favor. A iniciativa é interesante.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Felicita ao Concelleiro de medio ambiente pola iniciativa. Na prensa non falaron de que parte da iniciativa é do seu grupo.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a proposta da Comisión Informativa.





I.6.4.- PSOE: MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 17 de outubro de 2018, propón ao Pleno do Concello a toma en consideración da citada moción para proceder ao trámite da modificación da mencionada ordenanza fiscal.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Houbo queixas de cidadáns polas contías. Propoñen unha baixada do 50 por 100.

D. Alberto García Pazos, do grupo Popular: A favor de que se inicie o procedemento.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: A favor.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Tamén a favor.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: De acordo con que se inicie o trámite.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a proposta da Comisión Informativa.

I.7.- CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DE APARCAMENTO PÚBLICO PARA VEHÍCULOS NO SUBSOLO DA ZONA VERDE DO PERI-5 DA RAMALLOSA: SOLICITUDE DE RESTABLECEMENTO DO EQUILIBRO ECONÓMICO DO CONTRATO

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 18 de outubro de 2018, acordou formular ó Pleno a seguinte proposta:

“Expediente num.: 2015/126C

Antecedentes:

1.- O Pleno do Concello, por acordo do 23/09/2005, adxudicou a concesión para a construción e explotación dun estacionamento para vehículos no subsolo da zona verde do PERI-5 da Ramallosa á empresa “Estacionamientos Valle Miñor S. L.”. O prazo máximo da concesión está fixado en 39 anos, contados a partir da data de remate das obras e recepción das mesmas.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

2.- O 27/10/2005 asinouse o contrato correspondente, sometido expresamente á lexislación de contratos das administracións públicas, ao Prego de cláusulas e ao acordo de adxudicación definitiva.

3.- O Pleno do Concello, na sesión celebrada o día 24/02/2006 acordou autorizar, en determinadas condicións, a introdución no proxecto definitivo dos cambios propostos pola empresa adxudicataria, asinándose a correspondente modificación do contrato o 14/11/2006, obrigándose as partes ao seu cumprimento.

Hai que ter en conta que “Estacionamientos Valle Miñor, S.L.” incrementou por decisión propia na redacción do proxecto definitivo o número de sotos do estacionamento (que pasou de 3 a 4) así como o número de prazas do mesmo, que pasou de 225 a 357.

4.- Por acordo plenario de 23-02-2007 o Concello autorizou a Estacionamientos Valle Miñor S.L. a constituír hipoteca sobre o dereito concesional coa finalidade de garantir o préstamo concedido pola entidade Caixanova, por un principal de 2.900.000 euros.

5.- Mediante Decreto da Alcaldía, de data 14/11/2007, concedeuse a correspondente licenza de apertura, indicándose como data de recepción provisional das obras executadas (agás a zona verde) o 01-10-2007.

6.- Con data 01/10/2015, (Rexistro de Entrada num.: 11930), a empresa adxudicataria do contrato de referencia, presenta escrito no que solicita se proceda ao restablecemento do equilibrio económico do contrato, adoptando as seguintes medidas:

- Ampliación do prazo da concesión de 39 anos a 49 anos.
- Aprazar o 50% do importe do canon anual ós últimos 10 anos de vida da concesión unha vez ampliado o prazo indicado no punto anterior.
- Perseguir posibles actividades de competencia ilegal para o parking.
- Calquera outra medida que poda restablecer o equilibrio económico-financieiro da concesión.

Entre outras apreciacións, indica que non fixo uso da posibilidade de incrementar anualmente as tarifas de partida, manténdoas especialmente baixas, e que incluso utilizou medidas excepcionais de rebaixa (2ª hora gratis, etc) sen conseguir aumentar a demanda de prazas en rotación.

No que se refire á demanda, sinala que se ve afectada pola crise económica e pola competencia desleal doutros párquings da zona, tanto o situado no anexo a unha superficie comercial -con orde municipal de peche- coma os que se realizan gratuitamente en fincas abertas.

Cifra as perdas acumuladas a 31-12-2014 en 1.896.928,57 euros e considera que concorre no caso unha situación de risco imprevisible causado por circunstancias e alteracións económicas extraordinarias, anormais e imprevisibles, derivadas esencialmente dunha situación económica de crise sen precedentes, e do fracaso da labor da policía da administración no que se refire á competencia desleal que supoñen os aparcadoiros clandestinos. Cita disposicións e resolucións xudiciais que considera de amparo.





7.- Do referido escrito deuse conta á Comisión Informativa de Asuntos Xerais o 22/10/2015 que tomou razón do mesmo.

8.- Con data 02/02/2016, a Alcaldía-Presidencia solicita informes da Secretaría e da Intervención municipais, que foron emitidos o 12/02/2016 e o 12/04/2017, respectivamente, en sentido desfavorable á pretensión.

9.- Mediante escrito presentado o 02/12/2016 (Registro de Entrada num.: 15217) a concesionaria reitera a súa petición de 01/10/2015 e informa que a partir do 01/01/2017 o aparcadoiro permanecerá cerrado ata nova comunicación.

10.- Deuse nova conta da cuestión á Comisión Informativa de Asuntos Xerais o 22/06/2017.

Consideracións:

1ª.- O actual réxime xurídico aplicable á contratación local contense basicamente na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. Con todo, na súa disposición transitoria primeira, apartado 2, establece que os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á súa entrada en vigor rexeranse, no que se refire aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior.

2ª.- O prego de condicións da concesión na súa cláusula 1.2 cita, entre as normas de aplicación ao contrato, o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2000 (no sucesivo TRLCAP), o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 outubro, a Lei 7/85, do 2 de abril, o Real Decreto Legislativo 781/86, do 18 de abril, a Lei 5/1997, do 5 de xullo, de Administración Local de Galicia e os Regulamentos de Bens e Servizos das Entidades Locais aprobados, respectivamente por Real Decreto de 13 de xuño de 1986 e Decreto de 17 de xuño de 1955.

O TRLCAP contiña diversas determinacións relevantes para o caso.

Así, no art. 98 en relación co 144 sentaba o **principio de risco e ventura** do contratista, a non ser pola concorrencia de forza maior.

O art. 220 do propio TRLCAP referíndose concretamente á construción e explotación de obras públicas obxecto de concesión, determina que será o concesionario o que asumirá os riscos económicos derivados da súa execución e explotación.

Pola súa parte, o art. 242 do TRLCAP recoñece ao concesionario o dereito ao **mantemento do equilibrio económico** da concesión. E o art. 249 inclúe entre as prerrogativas do órgano de contratación a de proceder a ese restablecemento a favor do interese público. Ambos artigos remítense ao indicado no art. 248 que contén os supostos nos que a Administración está obrigada a levar a cabo tal restablecemento, así como as medidas que pode adoptar para facelo efectivo.

O que resulta da normativa citada é que a obriga de restablecer o equilibrio económico do contrato está subordinada á concorrencia de supostos determinados. En





síntese [art. 248.2 do TRLCAP; e Prego de Condicións, apartado “Obrigas da Corporación” punto 3º,a] trátase dos seguintes supostos:

- Exercicio pola administración do *ius variandi*, é dicir, da modificación, por razóns de interese público, das condicións de explotación da obra.
- O coñecido como *factum principis*, é dicir, aquelas actuacións da Administración, que sen modificar o contrato, determinasen de forma directa a ruptura substancial da economía da concesión.
- As causas de forza maior do art. 144.2 e) do TRLCAP.
- A concorrencia dos demais supostos que se establezan no propio contrato.

Ademais, o Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais (RSEL), ao que tamén se remite o prego de condicións, no seu art. 127.2.2º, contempla como causa de restablecemento do equilibrio financeiro da concesión, as **circunstancias sobrevidas e imprevisibles** que determinen, en calquera sentido, a ruptura da economía da concesión, o que permite a revisión das tarifas e da subvención -no seu caso-. Tal e como se indicou o Prego do contrato -apartado 3º,b- contempla a obriga da Corporación de revisar as tarifas cando, aínda sen mediaren modificacións no servizo, circunstancias sobrevidas e imprevisibles determinasen, en calquera senso, a ruptura da economía da concesión.

É dicir, aínda que o risco imprevisible non se contempla, polo menos expresamente, no TRCAP, tería cabida nas previsións do RSEL e do propio Prego.

Neste sentido, a cuestión céntrase en determinar se a **crise económica** invocada pola empresa concesionaria configura ou non un suposto de risco imprevisible e, en consecuencia, un motivo de restablecemento do equilibrio económico do contrato.

A resposta atopámola na doutrina do Tribunal Supremo, da que é mostra a sentenza 956/2015, de 28 de xaneiro [con cita doutra de 4-2-2014], na que referíndose a se a diminución do fluxo de vehículos nunha autoestrada constitúe un risco imprevisible, conclúe que é consecuencia reconducible ao principio de *risco e ventura* que rexe a contratación administrativa, que a adxudicataria debeu considerar cando participou no concurso que finalizou coa adxudicación da súa concesión. E para reforzar o anterior transcribe o seguinte parágrafo da citada sentenza de 2014:

"Es hecho notorio que las crisis económicas acontecidas en los siglos XX/XXI han sido cíclicas así como que el desarrollo urbanístico no siempre progresa sino que, en ocasiones, se paraliza. No constituye, pues, una realidad inesperada aunque pueda desconocerse el momento exacto de producción.

Actualmente llevamos años en crisis económica pero en época no muy lejana, década de los 1990 hubo otra crisis económica mundial que también afectó a España provocando reducción de la actividad económica y de consumo. Por ello los estudios de viabilidad de una autopista han de prever no solo un contexto, el alza, sino también las circunstancias económicas que pueden provocar la disminución del consumo".





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Ou como afirma noutra Sentenza de 1 de xullo de 1992 (STS 5319/1992 da Sala Terceira):

...no puede entenderse que al amparo de la teoría del riesgo imprevisible los entes locales deban paliar o subsanar todas las situaciones de crisis económica en que puedan encontrarse las empresas concesionarias.

Pola súa parte o Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, en sentenza de 3 de abril de 2006 (nº 391/2006; recurso nº 1264/03), indica:

el contratista no tiene una especie de seguro a cargo de la Administración que le cubra de todos los riesgos de su actividad, pues la actividad empresarial es por esencia imprevisible, y del mismo modo que la marcha de los acontecimientos puede determinar ganancias para el empresario, esta misma marcha puede hacer que sufra pérdidas y no por ello tales pérdidas ha de compartirlas siempre y en todo caso la otra parte contratante -pues el que arriesga su dinero en un negocio asume como premisa que determinadas actividades son de suyo una apuesta en la que se puede ganar o perder...

Proposta:

Á vista sinalado, e polas razóns indicadas, propónse ó Pleno do Concello a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Desestimar a petición da empresa concesionaria do aparcamento público para vehículos no subsolo da zona verde do PERI-5 da Ramallosa relativa ao restablecemento do equilibrio económico do contrato.

O anterior enténdese sen prexuízo das medidas que, de ser o caso, proceda adoptar para a restauración da legalidade en relación con actividades clandestinas que poidan afectar á lícita competencia e tamén das que correspondan en relación co incumprimento de deberes contractuais.

SEGUNDO.- Notificar este acordo á empresa concesionaria indicándolle que pon fin á vía administrativa polo que contra o mesmo cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que o adoptou, ou interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o correspondente Xulgado do Contencioso-Administrativo ou Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, segundo a distribución de competencias que se contén na Lei 29/1998 do 13 de xullo, no prazo de dous meses a contar dende a notificación. Todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, no seu caso, calquera outro recurso que estime procedente."

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Fai mención aos antecedentes e á petición da adxudicataria. Os informes son desfavorables. A proposta é desestimatoria.





D.ª María Carmen Alonso Macías Jorreto, do grupo Popular: A empresa debeu estudar a viabilidade. Incluso incrementou o número de prazas. Ten elevadas perdas acumuladas e non se entende que, a pesar diso, soliciten 10 anos máis. O concesionario debe asumir os riscos. Preocúpalle que se estea incumprindo o contrato, e pregunta sobre o posible expediente polo incumprimento, e se hai informes da Policía Local. Sorprende que non se adopten medidas e pide que se actúe.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Tardouse bastante tempo en traer o asunto. Votarán a favor de desestimar a petición. Ademais, o problema é ter o parking pechado.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Non é un tema menor e pode ter repercusión para o Concello. Caben interpretacións e dará lugar a un contencioso, no que esperemos que nos dean a razón. Pode que o Concello teña que asumir a débeda. Tamén falta que o Concello reaccione fronte ao peche. O Concello ten alí unhas prazas que podería utilizar se estivese aberto. Por outra parte o Concello debe facer cumprir a lei no relativo a outros aparcamentos que deban ter licenza. Non entende por que o Alcalde tardou tanto en someter o asunto a Pleno. Absterase polos problemas que pode traer consigo.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: De non estimarse sería a Administración a que corre cos riscos. Non cabe outra, porque nun caso de bonanza tampouco o Concello podería incrementarlle o canon. Eles fixeron o estudo económico e equivocáronse. O Concello debería iniciar accións para que a empresa cumpra. A única saída posible sería unha negociación para propiciar a renuncia.

Sr. Alcalde-Presidente: Tómase nota das peticións propostas.

D. Alberto García Pazos, do grupo Popular: Pide que lles informe do contido do acordo plenario polo que se autorizou a hipoteca.

Sr. Fernández Comesaña: Habería que impulsar tamén a cuestión das consecuencias do incumprimento e podería incluírse no acordo un apartado neste sentido.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 16; PSOE, PP, Nigrán Decide e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 1, UCN.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

I.8.- TOMA DE RAZÓN DE MODIFICACIÓN DA REPRESENTACIÓN DO PP NA COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS

Dáse conta de que a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 18 de outubro de 2018 propón que o Pleno tome razón do seguinte:





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Mediante comunicación do 9 de outubro de 2018 (registro de entrada n.º 11.231) D. Alberto García Pazos, voceiro 5º do grupo municipal Popular indica, en relación coa representación do seu grupo na Comisión Informativa Especial de Contas, que D.ª Rosa Rodríguez Rodríguez substituirano na mesma como vocal titular.

En consecuencia a composición queda como segue:

1.- Comisión Especial de Contas:

Grupo	Titulares	Suplentes
PSOE	D. José Luis Sanromán Román	D. Alfonso Vázquez Pérez
PP	D.ª Rosa Rodríguez Rodríguez	D. Alberto Valverde Pérez
Nigrán Decide	D. José Cuevas Raposo	D. Anxo Daniel Mosquera Nogueira
UCN	D. Antonio Fernández Comesaña	
BNG	D. Xavier Rodríguez Fernández	

I.9.- APOIO ÁS PERSOAS DENUNCIADAS POR RECLAMAREN A DEVOLUCIÓN DO PAZO MEIRÁS

Previa declaración de urxencia, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 18 de outubro de 2018 ditaminou favorablemente a seguinte moción do grupo BNG:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 30 de agosto de 2017 un grupo de persoas, galegas e galegos demócratas, militantes nacionalistas, sindicalistas, activistas sociais, culturais, da memoria... realizaron unha acción pacífica e simbólica, consistente en despregar dúas faixas no pazo de Meirás, co obxectivo de reclamar a intervención dos poderes públicos para recuperar un patrimonio que debe ser do pobo galego, de todas as galegas e galegos. Pretendían deste xeito, instar as institucións públicas que realmente teñen capacidade para o facer, a abandonaren a pasividade e a actuaren para rescatar o pazo e todo o patrimonio espoliado polo ditador Francisco Franco.

Esta ocupación simbólica de Meirás, que tivo repercusión internacional, reactivou o debate social e político sobre a recuperación do pazo e obrigou as institucións públicas a se manifestar e a actuar máis decididamente ou comezar a facelo, segundo os casos.

Neste sentido, a Deputación Provincial da Coruña fixou unha posición unánime de toda a Corporación Provincial en que, avalada por informes histórico e xurídico respectivamente, poñen negro sobre branco a respecto de como esta propiedade chegou a ser detentada polo ditador Franco. Isto é, primeiramente a través de derivación de recursos





públicos e despois a través dun contrato fraudulento de compra e venda do Pazo de Meirás en 1941 que tivo en todo momento o carácter de residencia oficial da xefatura do estado.

No pasado mes de maio, 19 das persoas participantes nesta acción pacífica e simbólica, entre as que se atopan dous veciños do Val Miñor, tiveron coñecemento, a partir dunha notificación do Xulgado de Betanzos, de que foron denunciadas pola Fundación Nacional Francisco Franco, Carmen Franco Polo e José Cristóbal Martínez-Bordiu Franco, neto do ditador. Os delitos de que os acusan son os que se enumeran a seguir:

- Violación de morada, co agravante de violencia ou intimidación, que segundo o Código Penal español está penado con prisión de 1 a 4 anos;
- Delito contra o honor con publicidade, penado con 6 meses a 2 anos ou multa de 12 a 24 meses;
- Danos, na modalidade agravada, penado con prisión de 1 a 3 anos e multa de 12 a 24 meses; e
- Delito de odio, penado con prisión de 1 a 4 anos e multa de 6 a 12 meses.

Estamos diante dunha denuncia que é unha verdadeira barbaridade do punto de vista tanto político canto xurídico. Politicamente resulta absolutamente ferinte que os bens espoliados polo ditador continúen nas mans da súa familia e non tivesen pasado ao patrimonio público no final da ditadura. A permanencia desas propiedades na familia Franco simboliza magnificamente a continuidade das estruturas de poder real da ditadura -quer no ámbito económico, no xudicial, no mediático e mesmo en moitos aspectos no político- que foron herdadas polo réxime do 78 aínda vigorante e que produciron unha democracia de moi baixa calidade que fai que, 40 anos despois, no Estado español se continúe perseguindo a liberdade de expresión e encarcerando persoas polas súas opinións e polas súas ideas políticas.

Mais a acusación é sobre todo unha barbaridade do punto de vista xurídico. En primeiro lugar porque a acción simbólica foi levada a cabo nun día previsto como de visita, polo que dificilmente poderá considerarse violación de morada entrar nun edificio que ese día está aberto ao público. Non houbo, aliás, ningún tipo de violencia e durante o transcurso da acción non se produciu ningún dano.

Así pois, as acusacións feitas carecen de fundamento e o lóxico e xusto é que finalmente a acción realizada sexa considerada como o que realmente foi: un acto pacífico e democrático para expresar e defender unha posición compartida por todas as persoas demócratas deste país. Un acto, en definitiva, que debe ser entendido dentro do exercicio democrático da liberdade de expresión.

Con todo, resulta preocupante que unha Fundación que non debería existir -que non podería existir legalmente en ningún outro Estado europeo- e a familia do ditador que se aproveita e beneficia do botín de guerra, realicen acusacións tan graves e infundadas.

Isto só se pode entender no contexto político e xudicial imperante nestes anos, en que a elite política e económica se sabe amparada e protexida por unha administración de xustiza que non foi democratizada no fin da ditadura e que tivo plena liberdade para se reproducir nas mesmas claves ideolóxicas. Moitas decisións xudiciais e sentenzas que se ditaron nos últimos tempos, claramente contra a liberdade de expresión e de opinión, foron certificando que a xustiza no Estado español nin é 'igual para todos' -como sempre





predican-, nin é independente e que cando é preciso actúa ao ditado dos intereses do réxime.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO

O Concello de Nigrán acorda:

1.- Expresar o apoio ás persoas que o pasado 30 de agosto de 2017 participaron nunha acción pacífica e simbólica de ocupación do Pazo de Meirás, co obxectivo de reclamar a intervención dos poderes públicos para recuperar un patrimonio que debe ser do pobo galego.

2.- Manifestar o rexeitamento a respecto da demanda interposta pola Fundación Nacional Francisco Franco, Carmen Franco Polo e José Cristóbal Martínez Bordiú Franco contra 19 demócratas que participaron na citada ocupación pacífica e simbólica, e que son acusados de delitos de odio, contra o honor, danos e violación de morada.

3.- Expresar a condena e rexeitamento do uso do Pazo de Meirás por parte da Fundación Nacional Francisco Franco para facer apoloxía do xenocidio fascista, da Ditadura e do Ditador, e en consecuencia demandar que se inicien accións encamiñadas á ilegalización da citada Fundación.

4.- Instar ao Goberno español a que inicie de xeito inmediato accións legais contra a propiedade do Pazo de Meirás, de acordo co informe histórico-xurídico elaborado a instancia da Deputación Provincial da Coruña, e acordado por unanimidade do seu Pleno, para que a administración lexitimada para facelo poida recuperar como ben público o Pazo de Meirás, roubado ao pobo galego durante o réxime xenocida franquista.

5.- Dar traslado deste acordo ao Goberno do Estado, Parlamento de Galiza e Deputación Provincial da Coruña.”

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Le parte da moción. Esta mesma mañá o Parlamento Europeo pide ao Estado Español a ilegalización desta asociación.

Dª. María del Carmen Alonso Macías Jorreto, do grupo Popular: Non se discute o dereito a manifestarse nin o de reaccionar fronte a isto. O seu grupo non pretende interferir na acción da xustiza.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Están a favor da moción e isto non impide a demanda.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: A favor da proposta.

Sr. Alcalde-Presidente: Absolutamente a favor.

Sr. Rodríguez Fernández: Non se impide a ninguén interpoñer unha demanda.





Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 11; PSOE, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 6; PP.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

Aos efectos do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sinalase que dende a convocatoria da sesión estiveron á disposición dos Sres. Concelleiros as Resolucións da Alcaldía ditadas entre o 17 de setembro de 2018 (n.º 2018001585,) e o 15 de outubro de 2018 (n.º 2018001810), ambos incluídos.

II.2.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- *D. Alberto García Pazos, do grupo Popular:*

1.1. ¿Por que se ha producido una retirada selectiva de las placas conmemorativas institucionales que este Pleno aprobó que fueran todas y solo fue alguna? Que no dé la impresión de que unas sí y otras no.

1.2. Que conste que pido de nuevo las facturas correspondientes a los gastos fuera de contrato de servicios informáticos, los informes de Intervención de fiscalización sobre estas facturas y los decretos de Alcaldía ordenando el levantamiento de reparos de dichas facturas, que en principio debían ser fundamentados.

1.3. El 10/10/2018, número de registro 11316 pedí los expedientes íntegros de las modificaciones de crédito números 30/2018, 31/2018. Los expedientes de modificación que no entiendo muy bien el por qué no vinieron a Pleno cuando las bases de ejecución del presupuesto de este año indican que todos los expedientes deben venir a Pleno. Podía haber hecho igual con otros que no le interesara traer y tirar para adelante. Por lo menos debía haber formalmente un acuerdo de todos los que tenían algo que decir, como representantes de la Corporación, que por motivos fundamentados se hacía así.

1.4. En relación con el Pabellón, otro escrito del 10/10/2018, número 11315. En el último Pleno pregunté si se había hecho el acta de recepción del pabellón, la de recepción no, se había hecho el acta de no recepción. Pedí ese acta de no recepción del pabellón, la nueva documentación que se presentó por el director de la obra en relación a esa acta de no recepción, para solventar las deficiencias detectadas en el informe al que no tengo ni





tuve acceso. Pido que cuando exista el informe definitivo de Intervención con todos esos documentos se me remita. A ver si casi dos años más tarde se hace una recepción definitiva de una obra que se está usando en este momento y de la que desconozco si tiene los permisos correspondientes para su uso desde el punto de vista de seguridad, electricidad, etc.

1.5. Esta del mes de julio, nº 7467 de 04/07/2018, copia de unas 15 facturas expedidas. Los informes de fiscalización, los levantamientos de reparos y las órdenes de pago. Cuatro meses y medio.

1.6. De la misma fecha, 04/07/2018, 7464, decretos de aprobación conforme al plan municipal de subvenciones de los años 2016 y 2017, que no figuran a fecha de hoy en el portal de transparencia.

1.7. De la misma fecha, 7465, facturas imputadas contablemente como subvenciones en los ejercicios presupuestarios 2017 y 2018, informes de fiscalización de dichas facturas y órdenes de pago de las mismas si las hubiere.

2.- D^a. Rosa Rodríguez Rodríguez, do grupo Popular:

La carretera de Chandebritro que va hacia el Colegio Estudio. Los baches están peor y es una pena, porque es una carretera de poco más de tres años. Habría que repararla.

3.- D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:

3.1. Esta pregunta é a terceira vez que a traio a Pleno. A primeira non lle chegara e a segunda non se lembraban de memoria. Que día se presentou ante o órgano competente de Industria o certificado da empresa instaladora das instalacións contra incendios do pavillón de deportes de Panxón?

Sr. Alcalde-Presidente: Non o sei.

3.2. Sabe vostede que o 14 de novembro de 2017 a empresa que fai o control de calidade da obra do pavillón fixo un informe que pon "...la instalación de electricidad e iluminación de la obra de adecuación y reforma interior del Pabellón Municipal de Panjón situado en la calle Gondomar número 2, Panxón, Nigrán, Pontevedra, ha sido sometido a las pruebas finales descritas en este informe, de acuerdo con las normativas siguientes: Reglamento eletrotécnico de baja tensión e instrucciones complementarias, Real Decreto 842/2002, Código técnico de edificación DB-HE, guía de alumbrado interior, publicación CIE número 29.2. Los resultados de las pruebas finales vienen expresados en las páginas de este informe con dictamen no satisfactorio..." Coñecía este informe?

Sr. Alcalde-Presidente: Non o coñecía.

Sr. Cuevas Raposo: Tome as medidas para que non pase nada.

3.3. Pensa tomar algunha medida para que abra o parking público de Ramallosa?

3.4. No último Pleno fíxenlle esta pregunta: O SUD 11 Porto do Molle tiña unha superficie de 28.000 m² no plano aprobado inicialmente, das cales a superficie interior era





21.000 m2. Agora a superficie total é de 250.000 m2. Onde se decidiu ese cambio? Quen o decidiu?

Sr. Alcalde-Presidente: Xa dixemos que era unha proposta técnica que viña dos técnicos e do equipo redactor.

Sr. Cuevas Raposo: O que me contestou foi que llo iban trasladar ao plan director. É unha proposta técnica, pero quen decidiu incluílo?

Sr. Alcalde-Presidente: É unha proposta que se fai desde o departamento de urbanismo, a dirección do plan e o equipo redactor.

Sr. Cuevas Raposo: Eu tamén podo facer unha proposta, pero quen decidiu que se incluíse?

Sr. Alcalde-Presidente: Entre o equipo redactor e os técnicos municipais consideraron que era unha boa proposta e a incluíron.

Sr. Cuevas Raposo: O decidiron o equipo redactor e os técnicos, vostede non decidiu nada.

3.5. No Pleno do 31 de marzo de 2016 preguntamos polos cursos de formación dirixidos a persoas desempregadas que organizara o Concello de Nigrán. Vostede contestou que estaban empezando a levar a cabo un plan de formación co polígono de Porto do Molle, nas reunións que temos mensuais plantexamosllo (vaise consensuar un plan de formación, xa estivemos cos xefes de departamento, etc). Isto ven a conto de que creo que se van a crear 60 postos de traballo en Delta. Realizouse algún plan de formación para as persoas desempregadas de Nigrán orientado ás empresas máis grandes que hai en Porto do Molle?

Sr. Alcalde-Presidente: En Delta van contratar 50 enxeñeiros e non temos capacidade neste Concello para dar un curso de enxeñería exprés.

Sr. Cuevas Raposo: Pero ao mellor teñen algún carretilleiro ou un recepcionista.

3.6. No Pleno do mes de xullo comunicámoslle que as analíticas de control microbiolóxico de Praia América estaban dando anormalmente altas. Fixémoslle un rogo para que investigara, porque pasaba igual que o ano anterior. Fixeron algunha investigación?

Sr. Alcalde-Presidente: Houbo un episodio que comunicaron dende a Xunta, fíxose unha contra-analítica, deron ben. De feito na páxina web da Consellería de Sanidade pon que Praia América ten calidade excelente, igual que o mes de xuño/xullo a praia de Prado, que tamén dá excelente.

Sr. Cuevas Raposo: O da excelencia é unha análise de catro anos de medicións. Eu o que lle dicía era que daban anormalmente altas igual que cando o episodio anterior. Cantas veces e en que datas estivo prohibido o baño en Praia América este verán?





Sr. Alcalde-Presidente: Estivo prohibido unha tarde.

Sr. Cuevas Raposo: Quen o prohibiu?

Sr. Alcalde-Presidente: A Xunta mandounos un comunicado.

3.7. Nalgunha outra praia houbo algún incidente de contaminación microbiolóxica?

D. Rubén Rial Sánchez, concelleiro Delegado: A comunicación da Xunta non chegou ao límite da prohibición, era a recomendación de non bañarse. Si se pechou dúas veces por unha mancha que viñera do mar e foron unhas horas.

3.8. No Pleno de setembro aprobouse unha declaración institucional sobre as instalacións náutico-deportivas do porto de Panxón. Que xestións fixo o seu goberno sobre o tema?

Sr. Alcalde-Presidente: Por un lado xa se pedira a reunión con Portos, da cal non temos resposta de ningún tipo, e por outro lado, o 28 de setembro, chegounos un escrito da FEGAMP dicindo que se está traballando co tema de Portos e preguntando pola problemática específica do Concello e tamén que se hai actualmente espazos vencellados a Portos de Galicia que se consideren susceptibles de cesión ao Concello podían vir para o Concello. Neste punto era necesario que se achegase plano, documentación gráfica completa de todo iso antes do 31 de outubro. Mandouse toda a documentación, mandouse a moción aprobada por unanimidade e parece ser que hai unha comisión que está estudando ese traslado.

3.9. Fai meses saíu que se fixera unha enquisa sobre o transporte en Chandebrito, eu chámolle pseudo-enquisa, que ían facer xestións para subir o Vitrasa ata alí.

Sr. Alcalde-Presidente: Pendentes de Vitrasa.

4.- *D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:*

4.1. Reiterarlle que se me contesten as preguntas pendentes dos últimos Plenos, principalmente pola concelleira de Facenda e outras da Alcaldía.

4.2. En que situación se atopa o proceso selectivo para contratar 4 peóns condutores e un capataz para a brigada de extinción de incendios? Por que se demorou tanto a súa selección de persoal, que seguramente non estará operativa a brigada ata principios de novembro? Que funcións pretende que realicen unha vez terminada a temporada de verán, xa que estamos en pleno inverno? Son conscientes de que pode perderse a subvención da Xunta por importe de 27000 euros, xa que debía ser xustificada antes do 15 de outubro?

D. Diego García Moreira, concelleiro Delegado: O motivo principal do atraso do proceso selectivo foi que se empezou tarde e que o tribunal nomeado, á diferenza doutros concellos, tamén empezou tarde. Quixemos que fora un tribunal que coñecía da materia, neste caso moitos dos membros eran GES, que pola súa xornada laboral non se puideron pór coas reunións do tribunal. Despois tamén houbo reclamacións.





Todo isto foi atrasando o proceso. Estamos practicamente a punto de incorporalos con data de primeiros de novembro. A Xunta de Galicia, a Dirección Xeral de Medio Rural, sabe dos problemas que houbo e nos indicaron facer unha adenta ao convenio para producir os menos danos posibles a esa subvención económica. O único tope que temos pola súa parte é que non poden pasar os seus contratos do 31 de decembro, porque é unha subvención europea.

4.3. Están asinadas todas as cesións de terreo para a humanización do Camiño Vello? En caso de que non, cantas faltan e que problemas existen?

Sr. Alcalde-Presidente: Cada unha ten a súa problemática. Haberá que seguir.

Sr. Fernández Comesaña: A subvención foi rechazada?

Sr. Alcalde-Presidente: Si, porque faltaban as cesións.

4.4. Será posible levar a cabo a súa contratación antes de que finalice o exercicio con cargo ao remanente de tesourería, como estaba inicialmente previsto?

Sr. Alcalde-Presidente: Se conseguimos que o departamento teña o remanente, o cal estamos pedindo semana si e semana non, por suposto que si.

4.5. Ao parecer vense levando a cabo por un particular a retirada de niños de avespas velutinas no temo municipal, incluso a súa busca e ofrecéndose aos particulares para a súa retirada. Ten constancia da súa existencia? Sabe se pertence a algunha organización ecoloxista ou similar? Está autorizado polo Concello ou Seprona para facelo? Por que non se controla a súa actividade e en todo caso dar conta ao Seprona ou ante quen proceda?

Sr. Alcalde-Presidente: El encárgase de quitar niños de velutina e en principio está a facer un ben social no cal nós non nos metemos. Ninguén nos dixo que fixera ningunha falcatruada.

Sr. Fernández Comesaña: A min preocúpame o destino desas avespas.

4.6. Continuando co tema dos empregos en Delta. Fixéronse prácticas dos cursos de formación na empresa Delta?

D^a. Raquel Giráldez Armas, concelleira Delegada: Inicialmente estaban planificadas para ser en Delta Vigo pero unha vez que iniciamos os trámites notamos que a empresa non era moi favorable a que xente externa a traballadores tivesen acceso á información que puidese ser clasificada por ser aeroespacial. As prácticas realizáronse en distintos centros.

5.- D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:

5.1. Formulei por escrito esta pregunta: O 91% dos concellos galegos rendeu en tempo as súas contas do 2016 ante o Tribunal de Contas, antes do 31 de decembro de 2017. O Concello de Nigrán está entre o 9% que o fixeron ao longo do 2018, segundo os





datos do informe de fiscalización sobre a rendición de contas das entidades locais do exercicio 2016. Cales foron as razóns que xustificaron este atraso?

Sr. Alcalde-Presidente: A acumulación de traballo no Departamento. Non supuxo ningún problema económico para o Concello.

Sr. Rodríguez Fernández: Problema puntual ou estrutural?

Sr. Alcalde-Presidente: Estrutural probablemente.

Sr. Rodríguez Fernández: Ten pensado facer algo?

Sr. Alcalde-Presidente: Estamos intentando. Aprobamos un plan de emprego no Pleno pasado para solucionar problemas estruturais, tivemos reclamacións e teñen que vir ao Pleno seguinte.

Sr. Rodríguez Fernández: Pero para ese departamento non ía.

Sr. Alcalde-Presidente: Pero ía para varios, para Tesourería por exemplo.

Sr. Rodríguez Fernández: Eu o que pretendo é que, falabades antes do remanente e demais, se identifiquen claramente as causas que impiden sacar o traballo e que se lle dean solucións.

5.2. Oferta de emprego?

Sr. García Moreira: Os problemas estruturais non os podemos resolver tan facilmente de momento. Agora mesmo o que temos é unha limitación de prazas. Temos unha taxa de reposición como concello saneado, á espera do remanente, do 10% sobre a taxa de reposición. A nosa taxa de reposición do ano pasado en oficinas é de unha praza. A oferta xa se está traballando para no mes de novembro sacar as prazas vacantes e cubrir o máximo da taxa de reposición. Unha vacante en policía. Estamos analizando dar cumprimento á sentenza que nos obriga a crear dúas prazas para o proceso selectivo de dous vixiantes. En oficinas só hai unha vacante, que é unha xefa de negociado que se xubilou o ano pasado e en persoal laboral creo que hai unha ou dúas vacantes.

Sr. Rodríguez Fernández: Que se vaia sacando o que se poida sacar.

5.3. Supoño que como consecuencia da nova Lei de contratos do sector público, houbo un cambio na información que se da no portal de transparencia. Na información dos contratos menores adxudicados o resultado práctico é que antes aparecían o número de empresas consultadas e agora non aparece. A cambio o que aparece agora é a duración dos contratos. A min o dato de empresas consultadas paréceme moi relevante e rogo que se lle transmita ao departamento responsable correspondente, que se inclúa tamén o número de empresas consultadas. Rogo que se comunique para que se publiquen os contratos menores adxudicados no cuarto trimestre apareza xa o dato de empresas consultadas.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

5.4. No lado dereito da Rúa Areosa hai un banco ao que lle falta o taboleiro central. Pido que se repaña.

5.5. Quería que nos comentarades unha importante reunión que tivestes o xoves pasado con Zona Franca.

Sr. Alcalde-Presidente: Aprazouse.

5.6. Eu son funcionario do Concello de Vigo e eu xa fai tempo que cobrei a subida salarial recollida nos orzamentos xerais do Estado. Por que os traballadores do Concello de Nigrán non a cobraron?

Sr. García Moreira: Ese pago tiña que traerse a un Pleno como modificación, pero polo visto chegouse a un acordo para aboarse de forma inmediata sen pasar polo Pleno. Aboarase este mes supoño.

Sr. García Pazos: ¿Cuándo se aprobaron los presupuestos generales del Estado que permitían eso? ¿En que mes del año? Estamos hablando de meses y meses.

Sr. Alcalde-Presidente: Este mes.

Sr. García Moreira: Temos unha subida posterior negociada cos sindicatos que permitían os orzamentos xerais, que descoñezo se podemos pagala polo método de transferencia ou non transferencia. Hai un acordo da mesa sindical.

Ao non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.

O SECRETARIO

Vº e Prace
O ALCALDE
Juan Antonio González Pérez

